

Á XUNTA ELECTORAL DE GALIZA

D^a Ester Vázquez Vázquez, Representante ante a esta Xunta Electoral do Bloque Nacionalista Galego (BNG), tal e como ten debidamente acreditado, comparece e

EXPÓN

Que por medio do presente escrito formula **SOLICITUDE** ante esta Xunta Electoral, no que ten a ver co **voto dos electores que viven permanente ou temporalmente no estranxeiro**, todo isto en base aos seguintes

FEITOS

Primeiro.- Ante a situación de emerxencia global provocada pola pandemia da Covid-19, existen restricións de mobilidade decretadas en moitos países con presenza de emigración galega e con dereito a voto nos presentes comicios para o 12 de xullo, o que pode xerar complicacións á hora da solicitude e exercicio do voto nos votantes CERA ou ERTA que queiran exercer o seu dereito de sufraxio no presente proceso electoral, así mesmo poden xurdir complicacións á hora de recibir á documentación para proceder ao voto, xa que, con carácter xeral, nos últimos procesos electorais producíronse retrasos na recepción da documentación, o que provocou a ampliación do prazo para poder exercer o dereito de sufraxio, parece que na situación actual, é mais que previsíbel que se produzan retrasos derivados das restricións e demais circunstancias e medidas adoptadas pola pandemia.

Segundo.- Á hora de facilitar e simplificar o procedemento de solicitude de voto dos votantes CERA, e tomando como antecedente o previsto na disposición adicional sétima da LOREX, que se levou a cabo nas últimas eleccións xerais, solicitamos que ao igual quenese proceso electoral, para todos aqueles residentes ausentes inscritos no CERA que solicitasen o voto para o proceso electoral do 5 de abril, que foi suspendido, se lles remita de oficio a documentación para poder exercer o dereito de sufraxio.

Terceiro.- Así mesmo, e tendo en conta as restricións de mobilidade que se dan na actualidade na maior parte de países onde existen residentes temporais con dereito de sufraxio para o presente proceso electoral, que poden impedir que poidan exercer o seu

dereito de sufraxio ao non poder desprazarse até as embaixadas ou consulados habilitados, solicitamos que se habilite un mecanismo de solicitude de voto telemático similar ao existente para os votantes CERA, que garanta os dereitos democráticos e de transparencia.

Cuarto.- Tanto para os votantes inscritos no CERA como para os votantes ERTA solicitamos a ampliación do prazo para exercer o dereito de solicitude de voto.

Así mesmo solicitamos a ampliación da data de remisión do voto até o venres 10 de xullo inclusive, e que os votantes CERA que voten de forma presencial na embaixada ou consulado poidan facelo até o mesmo día das eleccións, isto é até o 12 de xullo, inclusive.

Quinto.- Finalmente, e co fin de favorecer o dereito de sufraxio, para os casos nos que non chega a documentación aos solicitantes, solicitamos que nas embaixadas e consulados habilitados para o exercicio do dereito de sufraxio haxa papeletas e sobres de votación que permitan aos votantes facer uso dos mesmos.

Polo exposto

SOLICITO que teña por presentado este escrito, e en base ao exposto no mesmo se atendan as peticións nel solicitadas:

1. Remisión de oficio da documentación para poder exercer o voto a aqueles votantes inscritos no CERA que así a solicitaran nos comicios do 5 de abril suspendidos por causa da pandemia.

2. Habilitación de mecanismo telemático similar ao existente para os votantes CERA que permita aos votantes ERTA solicitar o voto.

3. Ampliación dos prazos de solicitude e remisión de voto.

4. Que nas embaixadas e consulados habilitados no presente proceso electoral existan papeletas e sobres de votación dos que poder facer uso no consuado ou embaixada para poder exercer o dereito de sufraxio.